

INFORME SOBRE A ATENCIÓN OFRECIDA DURANTE A SITUACIÓN DE ALARMA POR CORONAVIRUS DENDE AS ENTIDADES DE SAÚDE MENTAL FEAFES GALICIA E AS SÚAS DELEGACIÓN NAS CATRO PROVINCIAS GALEGAS

Período que comprende o informe : 13 de marzo a 30 de abril de 2020

1.- Dende as asociacións Federadas de Saúde Mental FEAFES Galicia e as delegacións da Federación nas catro provincias

Tralo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, as recomendación e indicacións feitas dende a Consellería de Sanidade , a Consellería de Política Social e o Goberno Central, decídese pechar tódolos servizos de xeito presencial: Centros de Rehabilitación Psicosocial e Laboral e demais programas e proxectos das asociacións. Tan so os **pisos protexidos e residencias seguiron abertos e con servizos, con todas as restricións impostas por as autoridades sanitarias**. A situación tornouse moi complexa e **a prolongación do confinamento fixo mella nas persoas e nas familias paulatinamente**.

So a labor sostida dos traballadores e traballadoras das entidades fai que non se desborde de xeito preocupante. **A labor de contención das entidades foi exemplar**.

Ante esta situación as entidades seguiron a traballar cos seus axustes organizativos e as súas limitacións, redobrando es esforzos para conter, mitigar e resolver as cada vez mais numerosas situacións de crise . Centráronse especialmente en catro eixos:

- 1. Atención telemática e a distancia** continuada coas persoas e as súas familias
- 2. Acompañamentos, visitas e seguimentos presencias** para aqueles casos mais complexos e urxentes e para os que fora necesario
- 3. Plan de atención nas residencias**, aplicando todos os protocolos e restricións dictadas por as autoridades sanitarias, estatais e autonómicas. Na actualidade van desenvolvendo o seu traballo coas limitación da situación e adoptando as medidas de prevención pautadas por as autoridades sanitarias. Nestes intres vanse preparando cada a reactivación e axuste dos servizos nos CRPL, Pisos protexidos e residencias a nova “realidade”
- 4. Coordinación** cos servizos sociais e sanitarios dos seus territorios, concellos, axentes sociais, forzas e corpos de seguridade, e outras entidades sociais para a mellor atención e seguimento destas persoas, os casos máis graves ou as situacións mais complexas.

1.1 As atencións prestadas e desenvoltas por as asociacións

Neste período de reportes de información, amosamos una realidade que, cualitativamente, foi mudando: pasamos dunha fase de atención informativa e certo desconcerto, pautas e consellos para levar o confinamento da mellor maneira posible a outra na que, aínda mantendo a situación cunha certa estabilidade, empezaron a amosarse síntomas de cansazo e esgotamento tanto nas persoas usuarias como nas súas familias o que provocou crises e situacións complexas de xeito mais intenso. No obstante a situación, a pesares das dificultades, mantívose nuns niveis de tensión que non chegaron a desbordarse.

As chamadas e intervencións telefónicas e telemáticas, preto de **23.000** no caso das entidades, non foron tan so chamadas curtas para controlar o estado da persoa a súa familia. En ocasións estas chamadas tiveron unha duración de mais dunha hora, efectuadas por profesionais da psicoloxía, da educación o do traballo social entre outros profesionais. Non foi unha intervención doada de facer e moito menos se falamos dunha crise grave.

Comezaron a aparecer un maior número de **situacións ou incidencias de certa gravidade, máis complexas de atender ou resolver a medida que pasaron as semanas**. As incidencias atendidas eleváronse a **preto de 200**. O principal motivo tivo relación cun agravamento importante da súa patoloxía co conseguinte risco para a saúde da propia persoa como a da súa familia. As mesmas poideron ser mitigadas e controladas por as intervencións dos profesionais. De feito, tan so se reportan 10 ingresos psiquiátricos. O resto débense ao non poder ter acceso a súa medicación, o que tamén entrañaba un risco grave de desestabilización, a incidentes coas forzas e corpos de seguridade por quebrar as normas de confinamento e o resto debéronse a incidentes en saídas terapéuticas, quebra da convivencia familiar ou quebra dos medios de subsistencia familiar ou persoal

Estas situacións supoñen unha porcentaxe pouco significativa do total das persoas atendidas. É un número pequeno si temos en conta as dificultades as que se enfrontaron nunha situación de este tipo, moito mais complexa de levar para eles que para calquera de nós en termos xerais. A resposta das persoas usuarias dos nosos servizos foi exemplar.

No caso das atencións presenciais en domicilios foron incrementáronse paulatinamente, chegando a **mais de 2.500 no total do período**

As accións que se desenvolveron nestas visitas teñen que ver con determinadas situacións ou necesidades. A porcentaxe maior debeuse a unha necesidade de supervisión directa da persoa ou a súa familia, que fixo necesaria a presenza física do profesional. A seguinte causa mais común estivo motivada por a entrega de medicación e explicacións das pautas para administración da mesma, seguida por a entrega de alimentos e a necesidade dunha intervención psicolóxica directa.

É moi importante **resaltar o impacto diferenciado que toda esta complexa situación ten no ámbito rural e nas entidades que traballan nel**. Esta situación fixo que os profesionais das entidades que traballan neste ámbito, redobrarán os seus esforzos e, o mesmo tempo, tiverán que enfrontarse a todas estas limitacións nas súas intervencións

En resumo as accións levadas a cabo, basicamente, foron :

- Información e asesoramento sobre o desenvolvemento do estado de alarma e todas as consecuencias derivadas do mesmo
- Visitas e seguimentos presenciais en domicilios
- Acompañamentos terapéuticos
- Apoio e acompañamento social e xestións: compras, médico, servizos sociais, alimentación, farmacia, tramitacións...
- Seguimento constante de cada persoa e intervención se é necesario
- Seguimento de persoas usuarias a través dos familiares que conviven con elas.
- Apoio psicolóxico as persoas usuarias
- Apoio psicolóxico aos familiares
- Apoio e intervención en crisis
- Adherencia a tratamento , pautas na toma da medicación e cuestións sanitarias e farmacolóxicas
- Entrega de alimentos cociñados
- Rutinas e exercicios na casa. psicoeducación e habilidades da vida diaria
- Oferta catálogo de actividades de ocio para facer na casa aos familiares e persoas usuarias
- Información e asesoramento laboral e social
- Coordinación cos dispositivos de saúde mental, servizos sociais, forzas e corpos de seguridade, outras entidades sociais e calquera outro recurso que sexa precisa mobilizar para a atención de calquera necesidade das persoas usuarias

Neste senso , **a día 30 de abril**, os datos foron os seguintes:

- **Atencións telemáticas de seguimento, apoio, e información** levadas a cabo (chamadas de teléfono, vídeo chamadas ou semellantes): **22.676.-**
- **Visitas e seguimentos presenciais en domicilios e pisos protexidos:** **2.504.-**
- **Respostas a chamadas recibidas de persoas usuarias o familiares:** **1.369.-**
- **Acompañamentos:** Centro de saúde, USM, farmacia, xestións, compras, toma medicación, saídas terapéuticas...: **1.024.-**
- **Ingresos por motivos psiquiátricos:** **10.-**
- **Total de persoas atendidas no tres períodos:** **5.371.-**

1.2.- As atencións prestadas e desenvoltas por as delegacións da Federación nas catro provincias

Dende Saúde Mental FEAFES Galicia, dada a situación de confinamento polo Coronavirus, priorizase ofrecer atención telefónica, vía *mail* e *skype* o outras ferramentas de video cahamadas ou reunións e , naqueles casos nos que foi preciso e estivo xustificado, tamén se fixo a atención presencial.

A continuación reflíctense os datos en relación a atención que ofreceron os profesionais das delegacións de Saúde mental FEAFES Galicia dende o 13 de marzo ao 30 de abril de 2020

En total atendéronse vía telefónica o telemática nos tres períodos a **2.034 persoas** en toda Galicia cas que se realizaron un total de **5.450 actuacións de diversa índole**. O maior nº de persoas atendidas realizouse na cidade de A Coruña seguida da de Vigo, Santiago, Lugo e Ourense.

Das persoas atendidas neste período , **186 atopábanse traballando nese momento**.

En total desenvolvéronse **226 actuacións cas persoas contratadas** co obxecto de facer seguimento no posto de traballo, ofrecer información, orientación e asesoramento sobre diversas cuestións (medidas a adoptar sobre a situación, informar sobre os ERTES, procesos administrativos e sobre todo ofrecer apoio de cara a ter a estabilidade psicopatolóxica necesaria para manter o posto de traballo).

Durante este período **finalizaron ou causaron baixa no posto de traballo un total de 36 persoas**, sendo **18 por ERTES da empresa**. **Tamén leváronse 8 novas contratacións no período**

A **atención ofrecida** as persoas atendidas na entidade divídense por áreas segundo a súa tipoloxía:

- **Na área de emprego** realizáronse un total de **1.670 actuacións**, respondendo consultas sobre temas laborais relacionadas cos ERTES e inquedaanza ante a situación do mercado laboral e o futuro da busca activa de emprego, orientando na toma de decisións sobre como afrontar a busca de emprego, enviando material e actividades para proseguir e como afrontar a busca activa de emprego no confinamento, infórmase de ofertas a aquelas persoas que valoran a inserción neste momento como unha oportunidade aínda que son os menos e como norma xeral non consideramos que este sexa o mellor momento para o acceso ao emprego para o noso colectivo, etc.
- **Na área de saúde** leváronse **1.240 actuacións** onde se ofreceu apoio emocional, atención psicolóxica, intervención en situación de crise e ou descompensación psicopatolóxica, psicoeducación para explicar como manexar os cambios emocionais e posible sintomatoloxía activa da enfermidade ante esta situación etc.
- **Na área de información e asesoramento** realizáronse **912 actuacións** onde priorizouse informar e asesorar ás persoas en relación as accións de emprego e formación, recursos e procedementos de saúde, familia, prestacións, etc. Destacar como información solicitada en maior grado, as consultas sobre se poden acudir ao psiquiatra a por o

inixtable ou non, tema moi importante porque non tomar a medicación adecuadamente ten consecuencias moito máis graves; consultas sobre como actuar e manexar a ansiedade e angustia que esta situación provocou; temas familiares....etc

- **Na área de ocio e deportes** realizáronse en total **797 actuacións**, enviáronse actividades vía telemática as persoas co obxecto de ofrecerlles momentos de distensión e facilitar os momentos de confinamento, ofrecerlles información e orientacións, seguimentos o organizar actividades participativas grupais aproveitando as tecnoloxías da información e relación (redes sociais, vídeo chamadas, grupos...)
- **Na área de atención social** realizáronse **537 actuacións**, onde se contemplaron as accións de apoio a xestión de recursos, visitas a domicilio, tamén ofreceuse apoio para realizar a compra as persoas que non o podían facer ou non tiñan recursos, acompañamentos ao médico, psiquiatras, levar comida preparada a casa etc
- **Na área de asesoría xurídica** realizáronse **35 consultas** en total para resolver dúbidas do ámbito xurídico.
- En total recibimos **22 consultas de persoas non usuarias da entidade.**

2.- Táboa resumo de todos os datos facilitados por as entidades federadas e as delegacións da propia federación nas catro provincias

Nº total de chamadas realizadas	26.223.-
Nº total de chamadas atendidas	1.496.-
Nº visitas e seguimento presencias en domicilios e pisos protexidos	1.126 .-
Nº Acompañamentos presenciais	2.506.-
Nº de incidencias atendidas	196.-
TOTAL PERSOAS ATENDIDAS neste período	7.405.-

3.- VALORACIÓNS e CONCLUSIÓNS QUE PODEMOS EXTRAER DESDE PERIODO (13 DE MARZO A 30 DE ABRIL)

Ao longo deste período acentuouse o deterioro da situación dunha parte dos casos, moi contidos polo traballo dos traballadores e traballadoras das delegacións de Saúde Mental Feafes Galicia e as asociacións federadas. Ben é certo que outra porcentaxe moi ampla aguataron e levaron dun xeito mais adecuado a situación de confinamento, non obstante **o aumento de incidentes que poderíamos denominar como graves, non é unha casualidade. Como tampouco o é que tan so teñamos reportado so 10 ingresos psiquiátricos.** O traballo de contención da os seus froitos, aínda que a situación fíxose mais complexa (e aínda non rematou) e saíron á luz novos problemas e atrancos: problemas sociais e económicos, a quebra da familia como soporte e a que elas pasen a ser tamén suxeitos da intervención en moitos casos... **é unha situación limite que mais tarde o mais cedo van ter consecuencias no contorna familiar e nos cuidadores principais.**

Ademais é **previsible un aumento de problemas emocionais e situacións que precisarán atención especializada nos servizos de psiquiatría mais tarde ou mais cedo.** O confinamento non axuda á estabilidade da persoa con problemas psiquiátricos ou patoloxías previas, e a capacidade de acompañamento e sostén da familia, ou rede de apoio formal, veuse moi reducida, cando non quebrada. As dificultades económicas e as súas consecuencias no son materiais se non tamén no eido da saúde mental, están aínda por chegar.

Algunhas das **conclusións** que poderíamos sacar, un tanto subxectivas xa que para referendalas faría falta mais tempo e tamén un estudo sistemático e rigoroso, poden ser as seguintes:

- 1.- Unha parte das persoas usuarias dos nosos servizos **son mais resilientes do que pensamos** e adoitan ter unas capacidades que as veces non coñecemos. En ocasións adoitamos ter una conducta paternalista coas persoas usuarias dos nosos servizos
- 2.- Moitas das **consecuencias deste confinamento tan duro poderanse ver dentro dun tempo**, tanto nas propias persoas con patoloxías previas como nas súas familias. Neste senso os nosos servizos deberían estar alerta e preparados para esta situación.
- 3.- Constátamos a **fraxilidade de moitas situacións no ámbito socio familiar** e que as veces as familias non teñen ou dispoñen das ferramentas para intervir co seu familiar o os seus recursos para cubrir as súas necesidades básicas son moi limitados.
- 4.- A meirande parte dos nosos recursos **non estaban preparados tecnoloxicamente para unha situación deste tipo.** A dixitalización é xa un necesidade inaprazable. Os nosos usuarios teñen neste eido unha desvantaxe evidente tanto no uso da tecnoloxía como a disposición de aparellos dixitais (*smartphones, tablets, ordenadores...*) como a dispoñibilidade de conexión nos seus domicilio. Ademais moitas das familias cuidadoras teñen unha idade avanzada e isto e un dificultade engadida mais. Ista realidade amosase mais claramente no ámbito rural
- 6.- A **diferencia entre a realidade urbana e rural**, fíxose moi patente, como xa comentamos.
- 7.- Como entidades temos amosado unha **capacidade de resposta**, a pesares de todas as nosas limitacións e atrancos, mais alta do que poderíamos esperar. Amosando ter sido o sostén e apoio de moita xente. As veces o único.

8.- **O traballo conxunto**, a xestión da información e o coñecemento que se desprende das intervencións é un aspecto moi importante que a meirande parte das entidades soubo ver, entender e xestionalo da mellor maneira da que foi capaz.

9.- É evidente que os **recursos**, ferramentas, dispositivos ... **no eido da saúde mental son claramente insuficientes** ante unha situación como a que estamos vivir.

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2020